



BIOGRAFÍA

O grupo galego **Astarot** fúndase en 1983 en Cangas do Morrazo (Galicia, España) por Carlos Gandón, formado por catro rapaces dispostos a facer música nos locais que naquela época eran berce do rock na bisbarra. O grupo comeza a súa andadura en múltiples salas e festivais presentando ao público o seu repertorio e compartindo escenario cos grupos mais influíntes da escea nacional do momento. Froito de esas xiras e concertos xurde o encontro co produtor madrileño Alfredo Garrido, figura clave no nacemento discográfico da banda.

En 1988 grávase *Donde se Hospeda el Pasado* nos estudios Musitrón de Madrid, baixo a produción de José Luís Garrido, aínda que o vinilo non sae á luz ata 1990. Nove temas forman este primeiro longa duración da banda que serve como toma de contacto coa crítica especializada, entre os que destacan "Alma de Rock" e a apaixonada "Estando Lejos". Cabe destacar que ese ano o grupo queda finalista no concurso Pop-Rock Gordons, organizado por Los 40 principales, celebrado na discoteca Oh Madrid, o que lles axuda a tocar no programa La Quinta Marcha, de Telecinco.

O segundo proxecto discográfico chamado *Respirando* nace da man de José M. Tasende en 1994, gravado nos Estudios Cormorán (A Coruña). Acollido por diversos cronistas como un dos mellores discos de Hard Rock Melódico Nacional. Presenta temas como "Pensando en Ti", "Hoy has aprendido a no quejarte" ou "Chicos Malos", entre outros.

En 1996 o seu terceiro traballo en estudio *Apuesta y Gana* grávase novamente nos Estudios Cormorán onde se inclúen por primeira vez dous temas en galego. A Radio Televisión de Galicia outórgalles o premio ao "Mellor tema do ano" no ano 1998 da man de Xosé Ramón Gayoso coa versión do clásico poema de Rosalía de Castro "Airiños, Airiños, Aires".

É en 1999 cando unha proposta experimental do seu produtor Alfredo Garrido os leva a gravar un disco conxunto con Refrescos recibindo o título do Disco Oficial do Xacobeo '99 (*Astarot & The Refrescos*). Este disco foi gravado nos Estudios Areamaster (Vigo) e conta con temas como "A Santiago vou" ou "A Rianxeira" en versión Astarot, que os levaría a pisar varios platós de televisión e participar en grandes eventos. Cabe destacar entre eles o celebrado no Auditorio Castrelos de Vigo nese mesmo ano tocando para mais de quince mil persoas compartindo escenario con La Oreja de van Gogh ou no Estadio de Balaídos no 75 aniversario del R.C. Celta co guitarrista Carlos Santana e o Grupo Milladoiro interpretando a obra musical *Suite Celeste*.

No 2000 chegaría o quinto traballo en estudio *O Sentir dunha Terra* no que Astarot fai unha homenaxe ao mundo da cultura galega, sen dúbida o disco de consagración do grupo. Temas como "Negra Sombra"; "Lela" ou "Maria Soliña" namorarían a un público fel. Este disco foi grabado nos Estudios Areamaster (Vigo) e conta con colaboracións especiais como Suso Vaamonde, Os Tamara, Mini (A Quenlla), Susana Seivane, Fuxan os Ventos, Javi (Heredeiros da Crus), Saraibas ou Xocas.

En 2005 gravarían nos Estudios do propio Carlos Gandón (Cangas del Morrazo) o sexto traballo discográfico *Longa Noite de Pedra* onde se musican poemas de grandes autores galegos como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Baldomero Iglesias, Bernardino Graña, Méndez Ferrín, Castelao o Darío Xohán Cabana. A presentación destes dous discos alongaríase no tempo grazas ao éxito rotundo das súas cancións, chegando durante anos a realizar multitude de galas, concertos e platós de televisión ao longo de toda a xeografía galega. Entre centos de actuacións cabe destacar a realizada en 2012 na Praza da Quintana en Santiago de Compostela compartindo cartel con Budiño.


En 2013 o grupo lanza un novo disco chamado *Séptimo Pecado*. Este traballo supón a aposta definitiva do grupo polas composicións propias sen deixar de lado as homenaxes á cultura galega. *Séptimo Pecado* é respaldado con colaboracións de artistas como Rosa Cedrón ou Joaquín Padilla, gravado nos Estudios Musitrón (Madrid) baixo a produción de José Luis Garrido. A presentación do disco faise en agosto dese mesmo ano na súa terra natal, Cangas do Morrazo ante máis de quince mil persoas nas Festas do Cristo volvendo a repetir escena no ano 2014 gravando un DVD en directo *Proxecto fusión* onde o grupo se fusiona coa banda de música Belas Artes e a coral Lestonnac, cun total de setenta e tres músicos no escenario interpretando os clásicos que Astarot leva por bandeira nos seus concertos, chegando a un cheo absoluto con dezaioito mil espectadores. A xira de presentación de *Séptimo Pecado* comprende dende a saída do disco ata 2017 pisando grandes escenarios e compartindo cartel con artistas como Luar na Lubre, Los Suaves, Los Secretos, Seguridad Social, Anxo Lorenzo y un longo etc.

En 2017 chega o novo traballo discográfico *Una vida en un segundo*. Neste novo disco o grupo aposta pola fusión do rock e a música clásica cunha Orquestra de Cámara de máis de setenta músicos. Trece temas inéditos e oito clásicos galegos forman este novo dobre CD que é gravado de novo nos Estudios Musitrón de Madrid baixo a produción de José Luis Garrido e conta coa colaboración de Alberto Cereijo (Los Suaves) e cos arranxos orquestrais de David Moreira. Sen dúbida algunha, este traballo é o maior proxecto discográfico de Astarot ata a data. A xira deste disco esténdese ata 2019 percorrendo de novo toda a xeografía galega e tocando en varios puntos de Euskadi e Castela e León.




DISCOGRAFÍA

1990



1994




1996



2000



2005



2013



2017



2022



FORMACIÓN

CARLOS GANDÓN	Guitarras e voces
JUAN A. ANTEPAZO	Voz principal
CARLOS RODAL	Baixo
LOREN TEVRA	Guitarras e voces
JOSÉ M. PIEDRA	Batería




ÚLTIMO DISCO

Baixo a luz de Breogán

Astarot, un dos grupos máis emblemáticos do Rock Galego, presenta o disco *Baixo a luz de Breogán* para celebrar os seus 39 anos de traxectoria musical como unha das bandas de referencia do rock galego. No seu noveno disco, a banda quixo render unha homenaxe, dende o mundo do rock, poñendo música a poemas de autores en lingua galega, como Rosalía de Castro, Federico García Lorca, Xela Arias ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

No seu noveno disco, a formación creada en Cangas de Morrazo (Pontevedra) segue os pasos dos seus anteriores traballos, pero fusionando aínda máis o son do Rock con melodías celtas. O CD *Baixo a luz de Breogán* contén 14 cancións, algunhas delas son cancións propias e outras melodías creadas con letras de autores e escritores que compuxeron en lingua galega. Neste traballo contaron coa colaboración de destacados músicos como Bieito Romero, Xan Cerqueiro ou Bieito Romero Diéguez do emblemático grupo Luar Na Lubre, entre outros.



Chove en Santiago

Baixo a luz de Breogán

Aires da lontreira

(Astarot)

Luz de Breogán

(Astarot)

Camariñas

(Música popular)

Chove en Santiago

(texto Federico García Lorca / música Alberto Gambino)

Santa Compañía

(Astarot)

Bravo Mar

(Astarot)

Negro Caravel

(texto Rosalía de Castro / música Raquel Pato Lorenzo)

Cantar de Romasanta

(texto Felix, Vicente Castor Castro / música Bieito Romero)

Irmáu

(texto Celso Emilio Ferreiro / música Xosé Luís Rivas ‘Mini’)

Unha Promesa

(Astarot)

Coma os muíños do río

(Astarot)

Dun tempo para sempre

(Danel Cerqueiro, Ana Espinosa)

Antiguas Linguas

(texto Xela Arias / música Astarot)

Fillos Galegos

(Astarot)

XIRA

Astarot, a lenda viva do rock galego

O espectáculo de Astarot consiste nunha actuación que ronda as dúas horas, onde o grupo, co seu peculiar estilo de rock fusionado con música celta, fai repaso dos clásicos galegos que se inclúen nos seus seis últimos traballos discográficos, *Apuesta y Gana* (1996), *Astarot Xacobeo '99* (1999), *O Sentir dunha Terra* (2000), *Longa Noite de Pedra* (2005), *Séptimo Pecado* (2013), *Una vida en un segundo* (2017) y *Baixo a luz de Breogán* (2022), onde se fai homenaxe aos poetas máis representativos da nosa terra, como Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou A.D. Rodríguez Castelao... Tamén hai tempo no repertorio para lembrar a formacións musicais clásicas que forman parte da cultura galega como Los Tamara, Fuxan os Ventos, Xil Ríos e un longo etc. Utilizando a lingua galega como predominante nos seus concertos.

Astarot, dende 1983, 39 anos de historia.





Management / Contratación
Maruchy Suárez
www.mirmidon.es
maruchy.mirmidon@gmail.com
34 667 706 241